

KLJLK  
KLKLL

EXCMO. CONCELLO  
DA  
ESTRADA  
(PONTEVEDRA)

<b>ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 11 DE XUÑO DE 2011</b>	
<b>LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA</b>	
<b>TIPO DE SESIÓN: CONSTITUTIVA</b>	<b>CONVOCATORIA: PRIMEIRA</b>

No salón de Sesiões da Casa Consistorial do Excmo. Concello da Estrada, sendo as doce horas e seis minutos do día 11 de xuño de dous mil once, comezou a sesión de constitución da nova corporación do Concello da Estrada coa lectura da orde do día do Decreto de Convocatoria da sesión cuxo único punto establecía a constitución do Concello e elección do Alcalde.

De conformidade co previsto cos artigos 195 e seguintes da Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral e cos artigos 36 e seguintes do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais; reuníronse en sesión pública os señores Concelleiros electos para dar cumprimento á constitución da Corporación e elección do Alcalde, personándose os seguintes: D. José Carlos López Campos, D. Alberto Manuel Blanco Carracedo, Dña. Amalia Goldar Cora, D. Miguel Oscar Rancaño Brañanova, Dña. María Ángeles Pais Carbia, D. Juan Manuel Constenla Carbón, D. José Ismael Pena Villamor, Dña. María del Carmen Durán Lea, d. Nemesio Ignacio Rey Pazos, Dña. Lucía Seoane Rosende, D. Oscar Alejandro Durán Barrós, D. José Antonio Dono López, Dña. Belén Louzao Vieites, D. Manuel Otero Espiño, D. Manuel Sanmartín Obelleiro, Dña. María Montserrat Maceiras Vicente, D. Manuel Paradela Abelleira, Dña. Ana María Asorey Brea, D. José Luis Picaño Riveira, D. Germán González Rodríguez, D. Xosé Magariños Maceiras, asistindo tamén a Secretaria en funcións da Corporación (D.A. 436/2011) Dña. Paula Yebra Rovira.

En primeiro lugar, procedeuse á constitución da mesa de idade, en cumprimento do que dispoñen os Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño de Réxime Electoral Xeral e o Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, a Sra. Secretaria solicitou ao Concelleiro electo de maior idade, o Señor Don Manuel Sanmartín Obelleiro, que pasase a presidir a Mesa acompañado, como vogal, da concelleira electa de menor idade, a Señora Dona Belén Louzao Vieites a fin de iniciar a constitución da Corporación municipal do Excelentísimo Concello da Estrada, e que procedan a facer o xuramento ou promesa como concelleiros.

Feitos os xuramento o Presidente declara aberta a sesión

A Secretaria manifesta que a Xunta Electoral de Zona de A Estrada, presidida por dona Ivana Aisa Muiño Romero, en cumprimento do que dispón o art. 108.5 da Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral o día 31 de maio de 2011 estendeu a acta de proclamación do resultado das eleccións municipais celebradas o 22 de maio na circunscrición electoral de A Estrada certificando o nome de electores, de votantes, de votos a candidaturas, de votos en branco, de votos nulos, o número de votos e escaños obtidos por cada candidatura, como tamén a relación nominal de Concelleiros electos para o Concello da A Estrada segundo o resumo seguinte:

Número de electores : 18.575

Número de votantes: 14.143

Número de votos a candidaturas: 13.709

Número de votos en branco: 241

Número de votos válidos 13.950

Número de votos nulos: 193

Deste xeito a candidatura do:

1.- Partido Popular: obtivo 6.771 votos, 11 escaños

2.- Partido dos socialistas de Galicia- PSOE: 5716 votos, 9 escaños

3.- Bloque Nacionalista Galego: 1.222 votos, 1 escaño.

De acordo co resultado reflectido a Xunta Electoral proclamou Concelleiros Electos aos candidatos de conformidade coa seguinte relación nominal:

Partido Popular (PP)

-  
Alberto Manuel Blanco Carracedo  
Amalia Goldar Cora  
Miguel Oscar Rancaño Brañanova  
María Ángeles Pais Carbia  
Juan Manuel Constenla Carbón  
José Ismael Pena Villamor  
María del Carmen Durán Lea  
Nemesio Ignacio Rey Pazos

José Carlos López Campos

-  
Lucía Seoane Rosende

-  
Oscar Alejandro Durán Barrós

Partido dos Socialistas de Galicia- PSOE (PSdeG-PSOE)

-

José Antonio Dono López

Belén Louzao Vieites  
Manuel Otero Espiño  
Manuel Sanmartín Obelleiro  
María Montserrat Maceiras Vicente  
Manuel Paradela Abelleira  
Ana María Asorey Brea  
José Luis Picaño Riveira  
Germán González Rodríguez

Bloque Nacionalista Galego (BNG)

-

Xosé Magariños Maceiras

Non consta a presentación de reclamación, protesta ou recurso ante a proclamación.

A Secretaria informa que todos os Concelleiros presentaron a credencial expedida pola Xunta Electoral de Zona, e de conformidade co art. 75 da Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local, todos presentaron na Secretaría do Concello a preceptiva declaración para la inscrición nos Rexistros de Bens Patrimoniais e no Rexistro de Actividades.

A Secretaria indica que todos os concelleiros electos están debidamente informados que o réxime de incompatibilidades para la condición de concelleiro está establecido nos arts. 178 en relación con los arts. 6, 7 y 177 de la Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral e 10 do Regulamento de Organización, Funcionamento e réxime xurídico de las Entidades Locais.

O Sr Presidente anuncia que, acto seguido, os concelleiros electos prestarán o xuramento ou o promesa de conformidade co art. 108 da Lei Orgánica de Réxime electoral en relación col Real Decreto 707/1979, de 5 de abril.

O Sr. Presidente indica que chamará un a un aos concelleiros para que xuren ou prometan, achegando o DNI e que a continuación pasen a ocupar os seus asentos.

O presidente da mesa de idade indica que *“Cumpridos os trámites preceptivos, en exercicio das facultades que outorga la lexislación vixente proclamo formalmente constituída a corporación municipal do Excelentísimo Concello da Estrada. Moita sorte a toda a Corporación”*

O Sr. Presidente anuncia que, seguidamente, procederase a elección do Alcalde, lembrando que de conformidade co art. 196 da LOREG poden ser candidatos los cabezas de lista de cada candidatura e pregunta se algún dos cabezas de lista retira a súa candidatura

Pola Secretaria indícase que serán candidatos a alcalde do Concello da A Estrada os seguintes concelleiros que encabezan as correspondentes candidaturas. Señores: Don José Carlos López Campos, Don José Antonio Dono López, Don Xosé Magariños Maceiras; e que a votación será en urna.

Polo Sr Presidente son chamados todos os Concelleiros a votar pola orde establecida na acta de proclamación de candidatos sendo os últimos en votar a vogal da mesa de Idade e o presidente da mesma.

Escrutada a votación, a Secretaria indica o resultado obtido polos candidatos: o Sr. Don José Carlos López Campos obtén 11 votos, Don José Antonio Dono López obtén 9 votos e Don Xosé Magariños Maceiras obtén un voto.

Finalmente, ao obter a maioría absoluta establecida no art. 196.b de la Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral, pola Secretaria se proclama alcalde electo do Concello da Estrada o Sr. Don José Carlos López Campos.

A continuación a Secretaria pregúntalle ao alcalde proclamado se acepta o cargo

O Sr. D. José Carlos López Campos responde afirmativamente polo que accedendo á presidencia do Salón de manifesta::

«Eu José Carlos López Campos, con DNI 52472456A, xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de alcalde do Concello de A Estrada con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado».

O Sr Alcalde dando as grazas fai o seguinte discurso:

*“Ilustres membros da nova Corporación Municipal do Excmo. Concello da estrada, antigos compañeiros de Corporación, autoridades, veciñas e veciños.*

*Quero en primeiro lugar saudar moi efusivamente a toda a xente que nos está seguindo na praza do Concello por non ter sitio neste Salón de Plenos e darlle as grazas polo seu apoio, polo seu cariño e pola súa dedicación, moitas grazas a todos os que estades aquí e tamén a todos os que estades fóra escoitando esta sesión plenaria.*

*Permitídemme que as miñas primeiras palabras sexan para expresar emocións e transmitirvos a intensidade coa que estou a vivir este momento tan solemne. Preséntome hoxe aquí con humildade, profundamente honrado polo apoio recibido, pleno de ilusión e completamente consciente da apaixonante e á vez complexa tarefa que nos agarda.*

*Síntome, por enriba de todo, enormemente agradecido a tantas e tantas persoas que durante as últimas semanas, meses e días me teñen transmitido a súa proximidade e o seu cariño.*

*Síntome en débeda con todos vos e con todos os estradenses que o pasado 22 de maio exerceron o seu dereito ao voto de forma totalmente libre e democrática para manifestar a súa vontade de elixir o futuro para este noso pobo,*

*A eles, aos que nos votaron e aos que elixiron outras opcións políticas, prométoles que non escatimarei esforzos nin horas de traballo para responder as expectativas depositadas no grupo de goberno que teño a honra de presidir. A partires de agora, José López Campos é o alcalde de todos e cada un dos estradenses e alí onde haxa un estradense, alí estará o seu alcalde para axudalo no que precise.*

*Estoulle agradecido a moita xente e aquí quero deixar constancia desa profunda gratitude. Dende o punto de vista persoal, por suposto, á miña familia. Aos meus avós e aos meus pais, por todos o valores que me teñen transmitido dende que era un cativo. Á miña muller e aos meus fillos, por apoiarme nesta andaina política e por ser o sustento vital que preciso cada día.*

*No plano político, estoulle agradecido a todas as persoas que ao longo do último ano fixeron un gran*

*exercicio de xenerosidade e corresponsabilidade para contribuír a que hoxe teña a honra de poder dirixirme a todos vós como alcalde da Estrada, como o voso Alcalde.*

*Falo de persoas como todos os compañeiros do grupo municipal saínte (José Antonio Maceira, Gisele Maisa, José Antonio García, Lourdes Loureiro, Pepe Vicente e Cristina Goldar) de persoas como José Manuel Reboredo ou Juan Torres e de persoas, como non, como Juan Constenla, compañeiro de fatigas e travesías, moitas veces desérticas, que foi sempre un exemplo de lealdade infinita, de traballo e compromiso. Tamén, como non, agradecer infinitamente o apoio e o cariño dos nosos colaboradores no rural, a alma e o corazón deste proxecto político.*

*Tamén quero trasladarlle a miña consideración a quen ata fai uns minutos me precedeu no desempeño da Alcaldía, José Antonio Dono, de quen non dubido que nos últimos anos entregou o máximo de si mesmo para conseguir o mellor para este pobo. Estou seguro que no futuro, aínda que sexa dende a oposición, A Estrada poderá contar coa súa experiencia e a súa capacidade de traballo.*

*Neste acto de apertura do novo mandato, quero lembrar tamén con respecto e cariño a todos os alcaldes e alcaldesas que me precederon nesta responsabilidade dende o comezo da época democrática.*

*Falo de Don Jesús Durán, do Sr. Reimndez Portela, de dona Elvira Fernández, de Jesús Tallón, de Ramón Campos e de José Antonio Dono.*

*Todos eles fixeron posible que A Estrada alcanzara novas cotas de benestar e que sexa hoxe o que realmente é. Fixeron posible que no reto que hoxe nos toca asumir responsablemente non teñamos que partir de cero, senón que teñamos no noso haber tres décadas de traballo feito e ben feito. Eles fixeron posible a transformación dunha Estrada chea de incógnitas nuns dos concellos máis importantes de Galicia.*

*Obviamente, quero manifestar tamén o meu agradecemento eterno aos compañeiros de candidatura e agora membros do novo goberno local. Quero dicirvos que por xente coma vós, con esa capacidade de traballo e implicación, con esa entrega e coa sana ambición que tendes para mellorar o futuro deste concello, por xente coma vos paga a pena todos os esforzos e aguantar todos os sensabores e malos momentos.*

*Compañeiros.*

*Hoxe asumimos un gran reto persoal e colectivo. Os que levamos xa algún tempo en política, sabemos que ser alcalde ou concelleiro é tremendamente gratificante, porque dende aquí como dende ningunha outra responsabilidade pódese comprobar a eficacia transformadora das nosas decisións. Pero sabemos tamén que representa un dos cometidos e das funcións máis exixentes ao estar sometidos máis que en ningún sitio, e máis que en ningún outro ámbito político, ao permanente escrutinio e vixilancia por parte dos cidadáns. Esa é a dificultade, pero esa é tamén a grandeza do desafío que asumimos.*

*E temos que ser conscientes que, nunha época caracterizada pola desafección social coa política, marcada por movementos de indignados contra o sistema, o noso exemplo e as nosas respostas xa non poder ser as mesmas.*

*Nunha época de crise sen precedentes, a política ten que evolucionar e na Estrada temos que ser dos primeiros en dar exemplo: temos que facer do diálogo a nosa principal ferramenta de traballo, temos que buscar o propósito común por enriba do conflito e da discordia, temos que buscar a cohesión e a xustiza social, e temos que traballar pola igualdade e, en definitiva, temos que converter a política en fonte de solucións aos problemas dos nosos veciños.*

*Temos diante catro anos de intenso traballo para ser capaces de poñerlle cara e ollos ao noso querido Concello, a nosa querida Estrada. De poñerlle cara a cada acción, a cada proxecto. Dende hoxe mesmo somos o goberno do Concello da Estrada, pero temos que propoñernos firmemente ser o goberno da xente da Estrada, dos nosos veciños e as nosas veciñas. Se unha cousa teño aprendido nos poucos anos que levo na política, é que hai que ter cercanía e proximidade coa xente, hai que escoitar a todos os veciños, porque os grandes conceptos e os grandes proxectos agochen sempre realidades vividas en primeira persoa. Compañeiros, amigos, veciños.*

*A Alcaldía e o goberno dun concello como A Estrada entraña a responsabilidade de dirixir un pobo que se atopa con importantes problemas por resolver e no que, froito da crise económica, están a aflorar novas incertidumes e desigualdades.*

*Diante de todos os estradenses, temos que lembrar que nós estamos aquí, comprometidos coa Estrada, porque, a pesares de todas as dificultades, confiamos nas amplas posibilidades de futuro que este pobo garda e temos nas nosas mans dar os pasos axeitados para aproveitálas de maneira plena.*

*Chegamos hoxe aquí tras unha travesía complicada que nos ensinou moitas cousas, a través dun camiño que non foi de atallos, que non foi o camiño máis curto, pero si nos chegou a este fin.*

*Nos foi i máis doado, pero foi un camiño no que amosamos o espírito de resistencia, no que apostamos pola audacia, pola acción, polas ideas, pola unión e pola xestión. E esa é precisamente a folla de ruta que debemos seguir tamén nesta nova etapa.*

*Chegamos hoxe aquí porque escollemos a esperanza e a ambición por enriba do conformismo.*

*Chegamos hoxe aquí porque fomos quen de artellar un programa de goberno, ilusionante e ambicioso, que a partires de hoxe tentaremos poñer en marcha. E xa sei que hai quen dubida da dimensión das novas ambicións que pode ter a alcance da man o noso Concello, desde logo as dúbidas nos farán sentir máis fortes.*

*A eses escépticos simplemente quero dicirlles que seremos o goberno de todos e que a súa desconfianza, lonxe de ser un impedimento, constitúe un estímulo engadido para traballar aínda con máis determinación se cabe.*

*Somos conscientes da magnitude da crise económica, que estamos a vivir, e de que posiblemente a situación económica do Concello da Estrada, ao igual que das demais Administracións Públicas, non sexa a idónea para emprender novos e grandes proxectos. Somos conscientes de que temos unha desvantaxe competitiva que lastra o noso desenvolvemento como é a falta do Plan Xeral de Ordenación Municipal. Somos conscientes tamén de que aínda nos quedan por diante posiblemente os momentos duros momentos difíciles da crise e de que teremos que xestionar os cartos de todos con austeridade, responsabilidade e transparencia. Pero, aínda que non quero deixar de mencionar todas as dificultades obxectivas, se hoxe mesmo me limitara só a iso estaría a comezar a miña etapa como alcalde con mal pé. Sería un exercicio retórico e completamente estéril e non teño intención de converter niso esta intervención.*

*A realidade á que non podemos pechar os ollos diante de todos estes atrancos e, por iso, quero convocaros a todos para sortear xuntos esta difícil situación. Aos veciños do pobo e aos veciños do rural, aos empresarios, aos comerciantes, á xente da cultura, aos empregados do concello, ás demais Administracións Públicas, quero convocaros a todos a traballar con entusiasmo e co optimismo que lle debemos á Estrada e ás xeracións vindeiras. Estou convencido de que xuntos seremos capaces de superar calquera obstáculo e de conseguir as metas que nos temos marcado.*

*Quero que saibades que o novo grupo de goberno traballará dende hoxe mesmo con dúas miradas complementarias: a mirada da Estrada como Concello, e a mirada da Estrada como conxunto dos e das estradenses.*

*A primeira é unha mirada global que nos define unha axenda que non podemos aprazar de ningunha maneira, porque constitúe a estrutura sobre a cal se asentará todo o demais. Nesa mirada global figura o Plan Xeral, a autovía ata a Estrada, a construción da variante, a ampliación do solo industrial, a ampliación da alameda municipal e outros tantos proxectos que xa coñecedes e en moitos casos o futuro e o éxito deses proxectos, pasan por manter unha relación cordial e frutífera co resto das Administracións, sexan da cor política que sexan.*

*A segunda mirada é a mirada da Estrada vivida. Teño a convicción de que a prosperidade e o futuro dun pobo tan importante como e o pobo da Estrada pasa por cultivar unha convivencia harmónica, por preocuparse tamén polos pequenos detalles, polos problemas que ten a xente, que melloran a vida dos nosos veciños. Garantízovos que nos vindeiros catro anos este grupo que hoxe asume as tarefas de goberno e para o que, de partida pido colaboración, antes que críticas, traballará de xeito incansable para atender estes dous planos da política municipal.*

*Xa remato e quero facelo co permiso dun dos ilustres fillos desta terra, don Manuel García Barros, que, tal como eu me sinto nestes momentos, era tamén un mozo idealista e ambicioso, amante da Estrada e amante de Galicia enteira.*

*Como digo, remato parafraseando un dos seus desexos, dos desexos que García Barros nos legou no seu testamento: “Son A Estrada e Galicia obxecto e ilusión da miña vida. A elas e á súa redención dedicareille as miñas forzas e o meu labor. Por elas loitarei e sufrirei. Dende o máis fondo do meu corazón, deséxolle no vindeiro días de prosperidade e ventura.”*

*Moitas grazas e ¡Prosperidade e ventura para todos os estradenses!. Moitas grazas.”*

O remate do discurso Sr. Alcalde cede a palabra a Secretaria que nese momento da conta da acta de arqueo última modificación do rexistro de bens patrimoniais da Corporación

A continuación o señor Alcalde indica que sen máis asuntos que tratar, dando as grazas de novo levanta a sesión.

Sendo as doce horas e cincuenta e un minutos do día once de xuño de dous mil once.

A Secretaria en funcións  
Dna. Paula Yebra Rovira.